

## **2. LIGA PRIMEIRA DIVISIÓN SÉNIOR MASCULINA GRUPO "A".**

### **2.1. EQUIPOS PARTICIPANTES.**

Este grupo estará formado por 16 equipos da Comunidade Autónoma Galega e que serán os seguintes:

- Equipos descendidos da liga EBA da comunidade galega da temporada anterior.
- Equipos que manteñen a categoría.
- Equipos ascendidos a esta categoría de acordo coas normas específicas para as competicións.

### **2.2. DATA DE INSCRIPCIÓN DE EQUIPOS**

Data tope de inscrición: 28 de xullo ás 13.00 hrs.

Todos os clubs que se inscriban nesta categoría, deberán ter inscrito ou vinculado un equipo Júnior Masculino.

### **2.3. XOGADORES.**

A data límite para dar de alta a xogadores nesta categoría será a do 28 de febreiro do 2017. O número de licenzas para esta categoría será dun mínimo de 8 e dun máximo de 12.

### **2.4. ARBITRAXES.**

As arbitraxes serán AUTONOMICÁS. Existirá un prorrateo xeral co fin de que cada equipo abone a mesma cantidade por dereitos de arbitraje.

### **2.5. FORMA DE XOGO.**

#### **Primeira Fase:**

Os 16 equipos se dividirán en dous grupos de oito equipos cada un (Norte e Sur) distribuídos por proximidade xeográfica (14 xornadas).

#### **Segunda Fase:**

Os equipos clasificados do 1º ó 4º de cada un dos grupos formarán o grupo A-1 eos clasificados do 5º ó 8º conformarán o A-2. Ambos grupos xogarán por sistema olímpico (valendo os resultados da primeira fase) (8 xornadas).

#### **Final A4:**

Os equipos clasificados nos postos 2º ó 5º disputarán a "Final a 4".

## FORMA DE XOGO

Os catro equipos clasificados xogarán en réxime de concentración dun día a xornada, no formato seguinte:

Pola mañá:

2º posto - 5º posto (X)

3º posto - 4º posto (Y)

Pola tarde:

Gañador X – Gañador Y (2º-3º posto)

O gañador de esta Fase conseguirá o Ascenso a Liga EBA.

Para designar a sede desta Fase a 4, a FGB a través do seu Comité de Actividades emitirá unha circular para a organización da mesma.

## 2.6. ASCENSOS E DESCENSOS

Descenderán á Liga de 2ª División Sénior Masculina os equipos clasificados nos postos 7º o 8º do Grupo A-2, así como o equipo clasificado en 6º lugar, se descendese un equipo galego da liga EBA, e así sucesivamente, se os descendidos fosen 2 ou máis. En caso de se producir ascensos, descensos ou renuncias, estas cubriranse seguindo a orde establecida no artigo 125 do Regulamento Xeral da FGB. Se unha vez comezada a competición se retirase algún equipo ou fose descualificado pola FGB, cubrirá unha das prazas de descenso.

O equipo clasificado en primeiro posto do Grupo A-1 obterá o ascenso a Liga EBA e será o Considerado o Campión Galego da categoría.

## 2.7. DATAS DE XOGO

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas:

Outubro: 23, 30

Novembro: 6, 13, 20, 27

Decembro: 11, 18

Xaneiro: 15, 22, 29

Febreiro: 5, 12, 19

Marzo: 5, 12, 19, 26

Abril: 2, 9, 23, 30

Final A4: 7 maio

## 2.8. DATAS DE SORTEOS.

Sorteos:

Primeira Fase: 22 de agosto ás 17.30 horas na sede central da FGB.

Segunda Fase: 20 Febreiro ás 17.30 hrs. na sede central da FGB

## 2.9. HORARIO DE XOGO.

Os encontros terán que disputarse nos seguintes horarios:

Sábado: 16.00, 18.00 e 20.00 horas e domingos: 10.00 e 12.00 horas e 17.00 h. e 19:00 h.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo ás 10.00, e o equipo visitante así o requira terá que fixarse como horario de xogo o sábado ás 16.00, 18.00 ou 20.00, e domingo 12.00, 17.00 e 19.00 hrs., sempre que o equipo que se despraza o fai dende máis de 100 km. por traxecto”.

O Comité de Actividades da FGB poderá fixar o horario das dúas derradeiras xornadas daqueles encontros que poidan influír na clasificación.

Modificacións de data, campo ou horario:

Obxecto Modificación	Prazo Recepción	Conformidade	Cota
Data	Antes 1 mes	Si	00,00
Campo	Antes 1 mes	Non	00,00
Hora	Antes 1 mes	Non	00,00
Data	Antes 15 días	Si	00,00
Campo	Antes 15 días	Non	00,00
Hora	Antes 15 días	Si	00,00
Data	Antes 9 días	Si	75,00
Campo	Antes 9 días	Si	75,00
Hora	Antes 9 días	Si	75,00

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB o día da petición, a cota de 100,00 euros e a conformidade do equipo contrario.

## 2.10. TERREO DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo que estea catalogado como NIVEL 1 dentro da Normativa de Terreos de Xogo.

Nos encontros nos que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión do mesmo por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá celebrarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o

seu comezo. Así mesmo se un club ofrece como cancha reserva de Nivel 1 para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considere incomparecencia.

A FGB recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, utilicen nos mesmos canastras de pé, así como que teñan reposto de taboleiros para o caso de rotura accidental.

Os Clubs deberán cumprir as prescricións previstas pola lexislación vixente no referente á prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos e serán os responsables da seguridade de xogadores/as e árbitros no que respecta as instalacións deportivas, poñendo os medios necesarios para evitar accidentes extradeportivos no transcurso da actividade.

## **2.11. BALÓN OFICIAL DE XOGO**

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

## **2.12. OBRIGAS ESPECÍFICAS**

### **COMUNICACIÓN DE RESULTADOS**

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso:

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebArbitro/index.aspx>  
<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebClub/>

### **GRABACION DOS ENCONTROS**

O Comité de Árbitros da FGB solicitará, cun mínimo de 10 días de antelación á celebración do encontro, a copia da gravación do partido que poderá ser entregado en DVD ou en calquera outro formato dixital tipo We-transfer ou Dropbox, ata un máximo de TRES gravacións por temporada.

Esta filmación deberá incorporar integramente as imaxes e son do encontro, dende tres minutos antes do comezo do partido ata a retirada dos equipos e árbitros aos vestiarios, ao final do mesmo. No en tanto é recomendable que a gravación iniciáse dende a chegada dos árbitros ao terreo de xogo (20 minutos antes do comezo do partido).

As imaxes e son deberán ter a calidade suficiente para que este poida ser visto de xeito correcto. En caso de non ser así, non será considerado como válido e requirirase ao club para unha nova gravación dun encontro diferente. Se esta anomalía se volvese a repetir sería considerado como incumprimento das condicións indicadas neste artigo.

Será remitido ao CGAB, Estadio San Lázaro, porta 14 de Santiago; por mail a [arbitros@fegaba.com](mailto:arbitros@fegaba.com), ou ben a través das súas delegacións, no transcurso dos 8 días seguintes ao encontro.

Non enviar a gravación nas condicións indicadas neste artigo, suporá unha sanción por parte do Comité Disciplinario.

### **2.13. RECOMENDACIÓNS**

Recoméndase a todos os clubs que fagan constar no dorso da camiseta de cada xogador o seu nome en caracteres de cinco centímetros.